

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CEDEIRA

Bases da convocatoria de concesión de subvencións da área socio-cultural pra investimentos a entidades e asociacións de ámbito municipal
ANUNCIO

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 11.08.2017 aprobáronse as seguintes bases e convocatoria:

BASES DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DA ÁREA SOCIO-CULTURAL PARA INVESTIMENTOS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE ÁMBITO MUNICIPAL

1–Obxecto das subvencións: Gastos en investimentos das entidades ou asociacións rexistradas no Concello de Cedeira.

Considéranse como investimentos os bens que sexan inventariables ou susceptibles de inventario e cun importe unitario superior a 100 €. O investimento deberáse manter no inventario do beneficiario durante un prazo mínimo de dous anos.

2–Beneficiarios e requisitos: Entidades asociativas con personalidade xurídica, sen ánimo de lucro vinculadas á área socio-cultural que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Estar inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Cedeira.
- Non contravir o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- No caso de asociacións que foran beneficiarias de subvencións concedidas en anos anteriores polo Concello de Cedeira, deberán telas debidamente xustificadas.
- Cumprir os requisitos da convocatoria.

So se admitirá unha instancia por entidade, aínda que na mesma se poidan engadir varios investimentos.

3–Forma, lugar, prazo e documentación da presentación das solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a contar desde o día do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, unha vez publicadas a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvención.

As instancias presentaranse na sede electrónica de acordo co establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documentación:

- Instancia segundo o modelo oficial (anexo I), asinada polo presidente/a da asociación ou cargo equivalente.
- Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou doutro organismo algunha subvención para gasto en investimentos, a contía e si foron concedidas ou están pendentes de resolución.
- Xustificación da necesidade do gasto en investimento para o desenvolvemento de actividades propias da asociación e importe do financiamento propio.
- Declaración xurada do solicitante de non ter obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social.
- Orzamento para o investimento para o cal se pretende a subvención.

4–Criterios de avaliación para o outorgamento:

- Carácter necesario do investimento, ata 10 puntos.
- Achegamento de financiamento propio, como mínimo do 30%, ata 10 puntos.
- Contribuír ao desenvolvemento dunha programación socio-cultural de calidade, ata 10 puntos.

- Congruencia do gasto coa programación e cos obxectivos da asociación, ata 10 puntos.
- Investimentos que sen a subvención serían de difícil execución, ata 10 puntos.
- O emprego da lingua galega na actividade vinculada ao investimento, ata 10 puntos.

5-Importe:

O importe total da convocatoria ascende a 6.000 euros e o importe individual de cada subvención non poderá superar 500 euros por cada beneficiario e o 70 % de subvención sobre o investimento presentado ou executado.

Para obter a subvención deberá acadarse un mínimo de 25 puntos entre os criterios de avaliación do punto anterior.

Entre as solicitudes que superen o umbral anterior, distribuirase proporcionalmente o total da subvención en función da totalidade dos puntos obtidos polos devanditos participantes, tendo en conta os límites da presente base.

6-Réxime de compatibilidade:

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo dos investimentos.

As entidades que reciban subvención están obrigadas a facilitar os datos que lle sexan solicitados polo Concello.

Quedan excluídas destas subvencións as asociación ou entidades coas que o Concello estableza convenios ou subvención nominativa.

Non son obxecto desta convocatoria as subvencións ás Comisións de Festas ou entidades, clubs e asociacións deportivas.

7-Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento:

Nomearase unha Comisión de Valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formulará a proposta de resolución.

A tramitación das solicitudes conlevará unha preavaliación das mesmas na que se verificará o cumprimento das condicións para adquirir a condición de beneficiario da subvención.

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións a proposta da Comisión de Valoración e previo informe de fiscalización pola Intervención municipal.

A Comisión de Valoración estará composta pola titular da Concellería de Cultura, pola Axente de Desenvolvemento Local, e unha funcionaria da Secretaría municipal. A proposta de resolución, unha vez fiscalizada pola intervención municipal, elevarase á Xunta de Goberno, que acordará a concesión ou denegación das subvencións.

Contra o acordo que adopte cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución.

8-Prazos de execución e xustificación da subvención:

A data límite para executar e xustificar a subvención outorgada será o 15 de novembro de 2017.

A xustificación realizarase mediante a presentación da documentación sinalada a continuación na sede electrónica e deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Facturas relativas aos conceptos expresados nos xustificantes de gasto que serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención.
- O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Cumprir os requisitos técnicos esixidos pola normativa que regulen as características da factura e o seu contido.
- Xustificante bancario do pagamento. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 € e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- Certificado bancario do número IBAN ou documentación similar.

Unha vez xustificada correctamente a subvención concedida, ésta será aprobada pola Xunta de Goberno Local para o seu pagamento.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia ao número IBAN achegado.

O importe que se aboará será o 70 por 100 do importe xustificado, que se deberá corresponder cos conceptos reco-llidos na solicitude inicial. Unicamente se admitirán incrementos nos conceptos iniciais que non superen o 50 por 100 do importe inicial.

9–Control financeiro:

As subvencións concedidas polo Concello están suxeitas a control financeiro por parte dos órganos competentes do Concello.

10– Regulación supletoria:

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión destas subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e Bases de execución do orzamento do Concello de Cedeira.

ANEXO I: SOLICITUDE DE SUBVENCION DA ÁREA SOCIO-CULTURAL PARA INVESTIMENTOS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE ÁMBITO MUNICIPAL**1.-DATOS DO/DA SOLICITANTE.**

DNI, NIE: _____ Data nacemento: _____

Nome e apelidos: _____

Enderezo: _____ N.: _____

Portal: _____ Esc.: _____ Planta: _____ Porta: _____ C.P.: _____

Concello: _____ Provincia: _____ Telefono: _____

Correo electrónico: _____

Actúa en representación da Asociación: _____

2.-DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIONS.

DNI, NIE: _____ Data nacemento: _____

Nome e apelidos: _____

Enderezo: _____ N.: _____

Portal: _____ Esc.: _____ Planta: _____ Porta: _____ C.P.: _____

Concello: _____ Provincia: _____ Telefono: _____

Correo electrónico: _____

3.-DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA.

- ☐ Fotocopia do DNI do solicitante.
- ☐ Fotocopia do C.I.F. da Asociación.
- ☐ Xustificación da necesidade do gasto en investimento para o desenvolvemento de actividades propias da asociación e importe do financiamento propio e restante documentación que permita a apreciación dos criterios de avaliación.
- ☐ Orzamento para o investimento para o cal se pretende a subvención.
- ☐ Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, a contía e si foron concedidas ou están pendentes de resolución.
- ☐ Declaración xurada do solicitante de non ter obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social e de non contravir o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (Anexo II).
- ☐ Certificación da conta bancaria para a transferencia da subvención.

_____, _____ de _____ de 2017

Sinatura

CONCELLO DE CEDEIRA

De acordo co disposto na Lei organica 15/1999, do 13 de decembro, de proteccion de datos de caracter persoal, informaselle de que os datos facilitados a traves desta instancia seran tratados de xeito confidencial. Estes datos seran incorporados aos ficheiros do Concello de Cedeira relacionados con este tramite. Os datos utilizaranse para as xestions municipais derivadas dos procedementos e consultas que vostede inicia con esta solicitude. Asi mesmo, informaselle de que en calquera momento podera exercitar os dereitos de acceso, cancelacion, rectificacion e oposicion comunicandoo mediante escrito que deba presentar no Rexistro Xeral do Concello.

ANEXO II: DECLARACION RESPONSABLE

con DNI _____, e con enderezo a efectos de notificacións en _____

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE, en relación coa convocatoria da subvencións da área socio-cultural para investimentos a entidades e asociacións de ámbito municipal que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non incorre a Asociación que represento en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a da subvención establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 09/2007, de subvencións de Galicia e reúne as condicións para ser beneficiario/a de acordo co previsto na base segunda desta convocatoria.

2. DECLARO RESPONSABLEMENTE, en relación coa convocatoria da subvención da área socio-cultural para investimentos a entidades e asociacións de ámbito municipal que:

- A Asociación que represento non ten pendentes obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social

3. ACEPTO as actuacións de comprobación e seguimento que leve a cabo o Concello.

4. AUTORIZO, para os efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ó Concello de Cedeira a incorporar estes datos, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello Cedeira que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de tramite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei Xeral de Subvencións 38/2003 e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.

Son, así mesmo, consciente de que os datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, e comprométome a comunicar no menor prazo de tempo posible ó Concello de Cedeira, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. A unidade tramitadora, en tanto non se comunique o contrario, entendera que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ó Concello de Cedeira.

5. COÑEZO as responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención mais os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

Cedeira, _____ de _____ do 2017

Asdo.: _____

Cedeira, 11 de agosto de 2017

O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

2017/7048